

I Premio Roberto Vidal Bolaño

Escrito por
Venres, 21 Maio 2004 21:03

O 5 de xuño de 2004 terá lugar en LUGO a Entrega do . Podedes ver en: <http://www.redese-scarlata.org/>

O acto consistirá nun xantar (ás 14,30 h.) no restaurante Aniceto, Avda. de Santiago nº 177 (cruce coa estrada de Portomarín), Lugo

Podedes ver e descargar a fermosa tarxeta de invitación en www.redesescarlata.org/descargas/tarxetarvb.jpg

Para confirmar asistencia ao xantar (menú 18 euros) usa o seguinte enderezo de correo premiorb@redesescarlata.org

ou os teléfonos: 986780867, 676898369, 689836086

Data límite o 3 de xuño.

Reunidos na Rúa Nova de Compostela X. Antón L. Dobao, X. M. García-Crego, Rosa López Fernández, Manuel Lourenzo e X. L. Méndez Ferrán o día 18 de Marzo de 2004, data na que se conmemora a constitución da Comuna de París en 1871, procederon do seguinte modo.

Examinaron as bases argumentativas establecidas polas Redes Escarlata a fin de crear o PREMIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO que, a partir do presente ano e en todo o tempo futuro, vai galardoar unha persoa, grupo ou movemento que destaque polo seu compromiso coa emancipación das clases populares na súa diversidade de expresións de loita e resistencia e coa construción da República Galega, coa nosa cultura e coa nosa lingua.

Procederon decontado e en consecuencia a se constituír en xuri para conceder o PREMIO VIDAL BOLAÑO do ano 2004. Así, asumíronse como vocais X. Antón L. Dobao, Rosa López, Manuel Lourenzo e X. M. García-Crego, e como secretario de acta X. L. Méndez Ferrán, que agora labra esta.

Logo de analizaren diversas propostas e de someter cada unha delas a debate, acharon que o noso mundo e Galicia están a vivir un duro tempo de represión dos dereitos e conquistas dos

I Premio Roberto Vidal Bola

Escrito por

Venres, 21 Maio 2004 21:03

traballadores e resto do pobo. O dereito á libre expresión e o dereito a convocar e levar adiante folgas económicas e políticas precedidas de propaganda en forma de piquetes constitúen logros históricos que os poderes da burguesía, directa e activamente asistidos polas forzas de policía e polos xuces, delambos en función represiva, tratan de facer desaparecer.

Considera o xuri que a brutal represión xudicial, precedida de actuación policial, exercida en Lugo contra Xosé Guillermo Rei Rouco, Xosé L. Trigo Cruzado e Xosé Mández Torres por teren formado parte dun piquete obreiro en ocasión da Folga Xeral de xuño de 2002, é unha amargue amarga da situación terrorífica na que nos atopamos na actualidade. E considera terrorífica a situación o xuri porque:

- Xosé Guillermo Rei Rouco foi condenado a tres anos e tres meses de cadea por un "delito contra a liberdade dos traballadores", mais dous anos por un "delito de atentado á autoridade", mais sete meses "por lesións".
- Xosé L. Trigo Cruzado foi condenado a tres anos e seis meses por un "delito contra a liberdade dos traballadores", mais un ano de cadea por un "delito de atentado á autoridade".
- Xosé Mández Torres foi condenado a tres anos e seis meses de cadea por un "delito contra a liberdade dos traballadores" e mais a catro fins de semana de arresto domiciliario por un "delito de agresión".

Vistas as cousas, os concorrentes decidiron por unanimidade conceder o **I PREMIO ROBERTO VIDAL BOLA** O A **Xosé Guillermo Rei Rouco, Xosé L. Trigo Cruzado e Xosé Mández Torres**, os cales hoxe representan a dignidade do proletariado en Galicia.

Do cal, como Secretario dou Fe,

X. L. Mández Ferrín